



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Xuño 2018


Santiago de Compostela, 08 de agosto de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Xuño 2018

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en xuño de 2018 un retroceso do 3,0% con respecto a xuño de 2017, mentres que a nivel nacional decreceu un 2,0%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo e a enerxía decreceron un 5,5% e 21,7% respectivamente. Pola contra, os bens de equipo e os bens intermedios creceron un 9,6% e 4,8% respectivamente.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “fabricación doutro material de transporte” que suma 1,7 puntos, á “fabricación de produtos metálicos” que achega 0,7 puntos e á “fabricación de material e equipamento eléctrico” que achega 0,6 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan a “producción de enerxía eléctrica” que resta 4,8 puntos, a “confección de roupa de vestir” que resta 0,8 puntos e a “industria da madeira e da cortiza” que resta 0,6 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Xuño 2018



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de xuño de 2018 en Galicia acadou unha taxa interanual do -3,0%, empeorando en 10,7 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (7,7%). En España rexistrouse unha caída do 2,0%, empeorando en 3,6 puntos a taxa acadada no mes anterior (1,6%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan unha variación do -5,5%, o que ten unha repercusión negativa de 1,3 puntos no conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un aumento do 9,6%, o que achega 2,3 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** creceron un 4,8% cunha repercusión positiva de 1,4 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que baixa un 21,7% restando 5,4 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de maio de 2018, por destino económico, os bens de consumo empeoran 5,9 puntos, os bens de equipo melloran 0,9 puntos, os bens intermedios empeoran 4,4 puntos e a enerxía empeora 35,3 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de xuño foron: a “fabricación doutro material de transporte” que suma 1,7 puntos, a “fabricación de produtos metálicos” que achega 0,7 puntos e a “fabricación de material e equipamento eléctrico” que engade 0,6 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas, destacan a “produción de enerxía eléctrica” que resta 4,8 puntos, a “confección de roupa de vestir” que resta 0,8 puntos e a “industria da madeira e da cortiza” que resta 0,6 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 5,8% de Cantabria e o -9,9% de Illes Balears. Ademais desta última, presentan crecementos interanuais inferiores á media estatal: Navarra (-2,5%), Galicia (-3,0%), Asturias (-3,1%), Comunitat Valenciana (-4,1%), Castilla - La Mancha (-4,3%), La Rioja (-5,1%), Andalucía (-7,2%) e Madrid (-7,8%).


IPI xuño 2018

Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xuño 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	108,1	-3,0	8,0	--	--
Bens de consumo	107,0	-5,5	-0,1	-1,3	0,0
Bens de equipo	112,4	9,6	3,7	2,3	0,9
Bens intermedios	132,1	4,8	12,4	1,4	3,4
Enerxía	82,0	-21,7	15,7	-5,4	3,7
España					
Xeral	108,8	-2,0	1,8	--	--
Bens de consumo	102,8	-3,7	0,0	-0,9	0,0
Bens de equipo	121,3	0,9	3,4	0,2	0,8
Bens intermedios	116,3	1,7	3,4	0,5	1,1
Enerxía	92,6	-9,2	0,0	-1,8	0,0

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xuño 2018

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-3,0		8,0		
Fabricación doutro material de transporte	148,5	1,7	87,3	1,1	2,0
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	8,8	0,7	7,9	0,7	7,7
Fabricación de material e equipamento eléctrico	29,4	0,6	19,7	0,4	1,4
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	13,8	0,5	10,5	0,4	4,1
Industria química	18,7	0,3	10,3	0,2	1,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	7,5	0,2	9,8	0,3	2,6
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	5,5	0,2	4,6	0,1	2,5
Fabricación de bebidas	3,3	0,1	1,2	0,0	3,5
Industria do papel	5,0	0,1	5,6	0,1	2,2
Outras industrias manufactureiras	22,9	0,1	28,9	0,1	0,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	2,4	0,1	2,2	0,1	2,0
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-0,2	0,0	-4,1	-0,5	13,1
Outras industrias extractivas	-4,4	0,0	18,7	0,1	1,1
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-3,5	-0,2	19,3	1,0	5,1
Industria téxtil	-32,1	-0,2	-19,2	-0,1	0,6
Fabricación de mobles	-19,6	-0,3	-19,9	-0,3	1,1
Industria da alimentación	-3,0	-0,4	2,7	0,4	13,2
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cesteraría e espartaría	-11,5	-0,6	6,1	0,3	3,6
Confección de roupa de vestir	-26,5	-0,8	-3,0	-0,1	4,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-24,7	-4,8	16,2	3,0	22,3
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xuño 2018

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	108,8	-2,0	1,8
Galicia	108,1	-3,0	8,0
Andalucía	102,3	-7,2	-1,3
Aragón	116,7	1,4	2,9
Asturias	105,5	-3,1	2,2
Baleares (Illes)	103,1	-9,9	-5,1
Canarias	98,7	2,5	1,6
Cantabria	117,7	5,8	9,0
Castilla - La Mancha	100,2	-4,3	0,3
Castilla y León	103,9	-0,3	2,5
Cataluña	112,9	1,2	3,6
Comunitat Valenciana	111,4	-4,1	-0,4
Extremadura	99,6	1,3	1,8
Madrid	104,3	-7,8	-1,1
Murcia	114,2	1,8	3,5
Navarra	111,8	-2,5	0,3
País Vasco	113,4	2,1	2,5
Rioja (La)	92,7	-5,1	-1,0

Fonte: INE